



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS, SEN PRESTACIÓN ECONÓMICA, DE ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

REUNIDOS

Dunha parte, Roberto Rodríguez Martínez, director da entidade pública empresarial de Augas de Galicia, nomeado polo Decreto 154/2015, do 29 de outubro (DOG núm. 208, do 30.10.2015), habilitado para a formalización deste convenio en virtude de resolución do 23.11.2016 de delegación de sinatura da presidenta da entidade.

Da outra, Julio Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña

Ambos os representantes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente para subscribir, en nome das respectivas entidades, o presente convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Universidade da Coruña (UDC), dentro do seu programa de cursos de posgrao propio, está impartindo no actual curso académico 2016-2017 o Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

Segundo. Que a adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo profesional constitúe unha das principais preocupacións da Universidade da Coruña, e o complemento das ensinanzas teóricas recibidas polo alumnado con coñecemento práctico da realidade profesional é parte fundamental da súa formación.

Terceiro. Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro de 2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Segundo establecen os parágrafos 3, 5 e 6 do artigo 11 da Lei de augas de Galicia, corresponden a Augas de Galicia, entre outras, as seguintes competencias:

3. No ámbito das obras hidráulicas:

a) A planificación, a programación, o proxecto, a construción e a explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.



b) A promoción perante a Administración xeral do Estado da declaración de obras de interese xeral deste.

c) A redacción de proxectos, a construción e a explotación de obras de interese xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios que se deberán subscribir entre Augas de Galicia e o órgano competente da Administración xeral do Estado.

d) A participación na construción e na explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada por esta lei.

[...]

5. En materia de abastecemento e de saneamento de augas:

a) A ordenación dos servizos de abastecemento e de saneamento en alta.

b) A elaboración dos plans xerais galegos de abastecemento e de saneamento consonte o que indique o título III desta lei, os cales conterán os criterios para a coordinación das actuacións das entidades locais competentes en materia de abastecemento e de saneamento.

[...]

6. En materia de verteduras:

a) A autorización e o control das verteduras de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación lles atribúe aos organismos de conca.

b) A autorización das obras e das instalacións de verteduras desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre elas.

[...]

Cuarto. Que Augas de Galicia, acorde coas súas funcións, manifesta a súa vontade de se converter en entidade colaboradora da Universidade, de cara a facilitar a realización de prácticas educativas que permitan un maior achegamento do alumnado da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos en materia de augas no ámbito das competencias que lle corresponden a esta entidade, e ao aproveitamento da experiencia que posúe nestas materias.

Quinto. Ambas as partes coinciden en considerar necesario unha maior aproximación entre o ámbito profesional e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas, acadando asemade a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados pola sociedade. Por tanto, as partes deciden subscribir un convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas no desenvolvemento do período de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade da Coruña.

En consecuencia, a UDC e Augas de Galicia acordan formalizar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas académicas externas extracurriculares do alumnado do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos no curso académico 2016-2017, nas dependencias da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de conformidade coa normativa reguladora das prácticas académicas externas extracurriculares da Universidade, en concreto co regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC, aprobado en Consello de Goberno de data 23 de abril de 2013 e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro do 2015.

As prácticas realizaranse sen prestación económica ningunha por parte da entidade colaboradora en forma de bolsa ou axudas ao estudo.

Segunda. Persoas destinatarios e número de prazas

Augas de Galicia acollerá en prácticas un alumno do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos que, previamente, será seleccionado pola Comisión Académica do Mestrado e nomeado alumno en prácticas pola UDC a través da correspondente formalización do Anexo I (Proxecto formativo) deste convenio por ambas as partes. O citado alumno, de conformidade co estipulado no Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC, aprobado en Consello de Goberno de data 23 de abril de 2013 e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, debe ter aprobado, como mínimo, o 30% dos créditos da titulación.

No caso contrario, o alumno non será considerado pola UDC alumno en prácticas nin se responsabilizará de ningunha actividade súa en Augas de Galicia.

Terceira. Planificación e desenvolvemento das prácticas


A duración do período de prácticas para o/a alumno/a será de 330 horas que desenvolverá nun prazo máximo de tres meses, e deberán desenvolverse dentro do período de duración do convenio e, en calquera caso, dentro do curso académico 2016-2017.

O lugar, horario e duración das prácticas académicas externas extracurriculares, así como os obxectivos académicos, competencias básicas e as actividades para desenvolver durante a súa realización quedarán reflectidos no proxecto formativo que se anexa a este convenio (Anexo I).

O/A alumno/a contará cunha persoa titora de Augas de Galicia e con outra da UDC para realizar as prácticas.

O/a alumno/a ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara e Augas de Galicia está obrigada a concederlle os permisos necesarios para asistir a elas.

No referente aos dereitos e deberes das persoas titoras de Augas de Galicia e da Universidade, así como do/a alumno/a, atenderase ao recollido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.





Ao finalizar as prácticas, Augas de Galicia e a UDC entregaránlle ao estudante un certificado que se axustará á normativa que establece o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.

A persoa titora de Augas de Galicia recibirá o recoñecemento da UDC polo labor realizado.

Cuarta. Obrigas da Universidade da Coruña

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Universidade comprométese a:

1º.- Difundir, entre o seu alumnado a organización das prácticas formativas obxecto deste convenio.

2º.-Remitir a Augas de Galicia un documento subscrito polo alumno ou alumna seleccionado/a , conforme o establecido no anexo II a este convenio, que incluírá:

- O compromiso de cumprir o seu respectivo programa de actividades e de atender ás indicacións que, no seu desenvolvemento, sexan impartidas pola persoa á que a Augas de Galicia encomende a tutoría das prácticas.
- A aceptación de que o incumprimento inxustificable de dito programa ou indicacións poderá dar lugar á exclusión do alumno ou alumna da continuación das prácticas, sen prexuízo das medidas disciplinarias que poida adoptar a Universidade.
- O compromiso de manter a confidencialidade con respecto ás informacións recollidas ou aos traballos realizados durante as prácticas, os cales non poderán ser divulgados nin comunicados a terceiros.
- A aceptación expresa de que a realización das prácticas nas dependencias de Augas de Galicia constitúe unha actividade formativa no marco dos seus estudos e non altera o vínculo do/a alumno/a coa Universidade nin dá lugar ao xurdimento de relación laboral ou de calquera outra índole con Augas de Galicia.
- O compromiso de poñer en coñecemento da persoa que exerza a tutoría das prácticas calquera incidencia que poida afectar ao seu normal desenvolvemento.

A UDC axustarase á normativa aprobada para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas.

Quinta. Obrigas de Augas de Galicia

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, Augas de Galicia comprométese a designar a persoa que exercerá a tutoría práctica do alumnado, coas seguintes atribucións:

- a) Establecer os programas de actividades aos que se suxeitará a realización das prácticas académicas externas.
- b) Establecer as datas de incorporación e finalización do/a alumno/a ás prácticas.
- c) Asignar ao alumno ou alumna en prácticas tarefas comprendidas no correspondente programa de actividades e dirixir a realización destas.



d) Elaborar, ao remate das prácticas, un informe de aproveitamento relativo ao cumprimento do programa de actividades por parte do alumnado en prácticas no que se incluíra unha valoración sucinta sobre o seu nivel de cumprimento das tarefas encomendadas, o cal debe axustarse ao recollido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios. **Sexta. Relación do alumno/a coa entidade colaboradora**

O/A alumno/a que realice as prácticas académicas externas extracurriculares en Augas de Galicia non terá, en ningún caso, vinculación ou relación laboral, contractual o estatutaria de ningún tipo co esta entidade colaboradora, nin a súa relación terá consideración de contrato laboral en prácticas, de aprendizaxe, a tempo parcial ou calquera outra modalidade existente. A subscripción deste convenio non suporá a adquisición de máis compromisos que os nel estipulados.

Sétima.- Seguridade do/a alumno/a e responsabilidade civil

Durante o período de realización das prácticas o/a alumno/a estará cuberto, en caso de accidente, enfermidade o infortunio familiar polo seguro escolar, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil de danos a terceiros que poida ocasionar o/a estudante en prácticas pola póliza que a UDC ten subscrita para tales efectos.

Oitava. Comisión de seguimento

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puidesen xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimaren oportunas para o cumprimento deste convenio.

Novena. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do decembro, de protección de datos de carácter persoal, os/as estudantes en prácticas que, por razón das actividades formativas, teñan acceso en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelarán a persoa allea a Augas de Galicia información da que tiveran coñecemento, nin utilizarán ou disporán dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas aquelas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a Augas de Galicia, sen prexuízo das responsabilidades que, por igual causa, puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Décima. Duración do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia durante tres meses, sen prexuízo da posible denuncia pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

5

Undécima. Resolución e rescisión do convenio

Este convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución deste convenio de cooperación educativa, logo da denuncia dalgunha das partes:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

Duodécima. Financiamento

A sinatura deste convenio non supón ningún gasto nin para Augas de Galicia nin para a UDC, polo que non precisa consignación orzamentaria

Décimo terceira. Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer as discrepancias que non poidan ser resoltas no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula oitava, no relativo á súa interpretación, execución, incumprimento, resolución ou nulidade.

Décimo cuarta. Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluíren e faceren públicos os datos persoais que consten no convenio, e mais o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG n.º 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG n.º 149 do 3 de agosto).

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano e rubrican por triplicado exemplar e para un só efecto no lugar e data que a seguir se indican.

A Coruña, 26 de decembro de 2016.

A presidenta de Augas de Galicia
(PDS Resolución do 14.09.2016)
O director

O reitor
da Universidade da Coruña


Roberto Rodríguez Martínez


Julio Abalde Alonso